

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

##### Promoción Económica, Emprego e Comercio

*Convocatoria de subvencións para actividades de promoción económica no Concello de Santiago para o ano 2014 no marco do programa Santiago Investors Support*

#### **BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS Á REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2014 NO MARCO DO PROGRAMA SANTIAGO INVESTORS SUPPORT**

##### **1.º.-Obxecto.**

Establécense as bases reguladoras do programa do SANTIAGO INVESTORS SUPPORT “Actividades de Promoción Económica no Concello de Santiago de Compostela para o ano 2014” para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas destinadas ao fomento da realización de actividades de promoción e dinamización económica no Concello de Santiago consistentes en:

- Xornadas técnicas, seminarios, foros ou premios dirixidos á defusión de técnicas, metodoloxías, ferramentas ou boas prácticas nos terreos da innovación e a competitividade.
- Encontros empresariais e comerciais que faciliten a labor comercial das empresas participantes; incluídos os realizados entre persoas emprendedoras e investidores/as.

##### **2.º.-Beneficiarios.**

Poderán resultar beneficiarios as entidades organizadoras de actividades contempladas no punto 3.º destas bases sempre que sexan entidades sen fin de lucro con personalidades xurídica propia ou ben empresas que organicen, sen fins de lucro e con carácter aberto (non existindo para o público ao que se dirixe a actividade ningún custe de acceso á mesma) e que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas.
- Que a súa actividade esté dirixida eminentemente ao mundo empresarial
- Que a totalidade do proxecto obxecto de apoio se desenvolva no Concello de Santiago.

##### **3.º.-Actuacións subvencionables.**

Considéranse actuacións subvencionables, sempre que sexan realizadas e efectivamente pagadas entre o 1 de xaneiro de 2014 e a data límite de xustificación establecida na base 12.º da presente convocatoria, as actividades de promoción e dinamización económica que se realicen no concello de Santiago de Compostela, tales como:

- Xornadas técnicas, seminarios, foros ou premios dirixidos á defusión de técnicas, metodoloxías, ferramentas ou boas prácticas nos terreos da innovación e a competitividade.
- Encontros empresariais e comerciais que faciliten a labor comercial das empresas participantes; incluídos os realizados entre persoas emprendedoras e investidores/as.

Serán subvencionables, para as actuacións indicadas, os custes de persoal e os de administración específicos, sempre e cando estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a adecuada preparación e execución da mesma. Neste tipo de custes deberá especificarse a porcentaxe do mesmo que é imputable á/s acción/s subvencionable/s.

Non serán subvencionables:

- Os custes relativos á adquisición de bens de investimento e/ou inventariables.
- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.
- Os custes relativos a dietas de persoal ou desprazamentos.

#### 4.º.-Criterios de concesión.

Teranse en conta na valoración dos proxectos presentados a esta convocatoria os seguintes criterios:

A. Duración temporal da actividade. Ata 2 puntos. Outorgaranse 2 puntos a aquel evento de maior duración temporal e en proporción a este valoraranse o resto de proxectos.

B. Intensidade da campaña de comunicación e defusión de resultados do proxecto

Valorarase con 3 puntos cando a campaña de comunicación e defusión de resultados se realice a nivel internacional, 2 puntos se é a nivel nacional e 1 puntos se é a nivel local/ rexional.

C. Singularidade temática do evento

a. Valorarase no caso de xornadas, seminarios e encontros con 2 puntos que entre as temáticas abordadas no programa estén as seguintes:

I. Mellora da competitividade empresarial.

II. Implantación das TICs na empresa.

III. Pautas de consumo actuais, modelos de compra e venda na sociedade rede.

IV. Habilidades directivas.

V. Motivación para o emprendemento.

VI. Innovación e crecemento.

VII. Responsabilidade social e desenvolvemento sostible.

b. Valorarase no caso de encontros empresarias a novidade das técnicas de fomento do networking empregadas con ata 2 puntos.

As puntuacións dos apartados a. e b. son acumulables entre si.

D. Valorarase con 1 punto que a entidade ou empresa organizadora teña a declaración de utilidade pública e/ou interese social.

E. Uso da lingua galega no proxecto. Valorarase con ata 1 punto o uso do galego no desenvolvemento do proxecto.

#### 5.º.-Contía da subvención.

Ao presente programa destínase unha partida de 25.000 euros con cargo aos orzamentos municipais do ano 2014 partida de Promoción Económica PROGRAMA SANTIAGO INVESTORS SUPPORT 070 43300 47901

O órgano competente, á vista dos proxectos presentados e da proposta da Comisión de Valoración, decidirá en aplicación do baremo o número de proxectos a subvencionar.

O importe da subvención será o de menor contía entre os dous seguintes:

a) O calculado segundo aplicación da seguinte fórmula:

Importe da axuda ao proxecto (i) = (orzamento global da convocatoria) x (puntuación obtida polo proxecto i) / sumatorio das puntuacións obtidas por todos os proxectos con dereito a subvención.

b) O importe total dos gastos xustificadas do proxecto.

En todo caso, a contía individualizada da subvención a outorgar será como máximo de 5.000 € por proxecto. A contía da axuda poderá acadar ata o 100% dos gastos subvencionables. O importe da subvención será proporcional á puntuación acadada polos proxectos

En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

Estas axudas son incompatibles con calquera outras convocadas polo Concello de Santiago para actividades das mesmas características e en particular coas Axudas á Actividades de Dinamización e Promoción Comercial convocadas pola Concellaría de Comercio.

#### 6.º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes realizadas no modelo de instancia adxunto a estas bases, dirixiranse á Oficina de Economía dependente da Concellaría de Economía, Comercio, Turismo e Mercados, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (rúa Presidente Salvador Allende, 4), nalgún dos seus rexistros auxiliares (edificio CERSIA Empresa, rúa do Alcalde Raimundo López Pola S/n e rúa de Frei Rosendo Salvado, 14-16) ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92

de réxime xurídico e procedemento administrativo común. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación por duplicado, en orixinal ou fotocopia compulsada notarialmente ou polo Secretario do Concello de Santiago ou persoal en quen delegue, polo menos unha delas, agás a memoria que bastará con achegar un único exemplar:

a) Solicitude cumprimentada en modelo de instancia oficial asinada pola persoa que ostente a representación legal da asociación/entidade solicitante.

b) Acta, estatutos de constitución e modificacións posteriores, se é o caso, acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente, así como código de identificación fiscal.

c) Poder suficiente do representante da asociación/entidade solicitante, acompañado do documento nacional de identidade.

d) Anexo II. Memoria explicativa da/s actuacións/s de obxecto de subvención, acompañada de orzamento detallado de custes por cada actuación a executar. A memoria deberá conter todos os datos que permitan a súa valoración consonte os criterios recollidos na base 4.<sup>a</sup>. A falta de recollida na memoria dalgún dos aspectos obxecto de valoración determinará o outorgamento de 0 puntos nese criterio.

Cando o importe do gasto subvencionable sexa igual ou superior á contía de 18.000 euros no suposto de subministros ou prestación de servizos, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

e) Declaración asinada polo Secretario co visto e prace do Presidente, de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin por calquera outra administración pública, ente público ou privado, nacional ou internacional, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin obtivo outras axudas ou subvencións.

f) No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.

g) No caso de ter a declaración de entidade de utilidade pública e/ou interese social, acreditación da mesma.

h) Certificados de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia e Facenda do Concello de Santiago Se o importe de gastos xustificadas pola empresa é inferior a 3.000,00 € será suficiente con presentar declaración responsable de estar ao corrente en pagos con estas administracións.

i) Declaración responsable de quen ostente a representación legal da asociación/entidade de non estar incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2.º e 3.º do artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

j) Declaración de documentación presentada, que se achega como anexo I, no seu caso. Se algunha da documentación sinalada consta xa en poder da administración, achegará no seu lugar, debidamente cuberta, dita declaración responsable coa identificación do expediente e manifestación expresa de que a documentación non sufriu modificacións.

2. As compulsas que resulten necesarias poderán realizarse nas oficinas da Concellaría no Edificio Cersia Empresa en Avda. do Alcalde Raimundo López Pol s/n.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos previstos no punto anterior, requirirase ao interesado para que no prazo de dez días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no caso contrario terase por desistido na súa petición, previa resolución nos termos do artigo 42 da Lei 30/92. Este requirimento de emenda tamén se fará nos supostos de imposibilidade material de obter algún do/s documento/s relacionado/s polo interesado na "Declaración de documentación presentada".

#### **7.º.-Prazo de presentación de solicitudes.**

O prazo xeral de presentación de solicitudes será de 20 días contados a partir do día seguinte á publicación das bases no Boletín Oficial da provincia.

#### **8.º.-Instrución e resolución do procedemento.**

Recibidas as solicitudes, a instrución do procedemento levarase a cabo pola Oficina de Economía da Concellaría de Economía, Emprego, Comercio, Turismo e Mercados do Concello de Santiago. Esta realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se deba formular a proposta

de resolución. A avaliación das solicitudes, consonte aos criterios de valoración establecidos na base 4.<sup>a</sup>, realizarase pola unha comisión avaliadora composta polos seguintes membros:

Presidente/a: O Concelleiro/a responsable de Comercio.

Vocais: catro técnicos/as municipais, nomeados/as polo/a Presidente/a, pertencentes a os grupos A1 e/ou A2.

Actuará como Secretario/a un/ha funcionario/a do departamento de Economía (sen voto na súa calidade de Secretario/a).

Á vista da avaliación efectuada pola comisión, a Concellaría de Economía formulará proposta de resolución na que se indicarán beneficiarios e importes concedidos, así como pronunciamento expreso e motivado sobre as solicitudes desestimadas; que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver o procedemento de concesión.

O procedemento resolverase e notificarase a súa resolución no prazo máximo de 3 meses a partir do día seguinte á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. Transcorrido o prazo máximo sen que teña recaído resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo.

#### **10.º.-Aceptación e renuncia.**

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, transcorridos quince días naturais desde a notificación sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, a Xunta de Goberno Local ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1 da LRXPAC.

#### **11.º.-Obrigas do beneficiario.**

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade que determine a concesión.
- Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Estas medidas deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas, material impreso, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos legalmente establecidos.

#### **12.º.-Xustificación.**

A data límite de xustificación será o 15 de novembro de 2013. Para iso o beneficiario deberá presentar, por duplicado, a través das formas previstas para a solicitude, a documentación seguinte, en orixinal ou fotocopia compulsada notarialmente ou polo Secretario do Concello de Santiago ou persoal en quen delegue aló menos unha delas, agás a memoria que bastará con achegar un único exemplar:

a) Memoria explicativa da/s actuacións/s realizadas.

No suposto previsto na base 6.1.d) deberá achegarse a seguinte documentación:

1. Copia dos orzamentos solicitados, con indicación do orzamento seleccionado e xustificación expresa do provedor elixido cando a elección non recaia na oferta económica máis vantaxosa ou cando polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que subministren ou presten o servizo.

b) Anexo III "Xustificación de subvencións" debidamente cuberto e asinado polo representante legal da entidade beneficiaria. Xunto a dito anexo achegaranse as facturas, ou documentos substitutivos nos casos previstos no RD 1496/2003 polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, que acrediten a realización dos custes, en relación nominativa, agrupadas por accións realizadas, segundo corresponda. Ás facturas deberán xuntárselles os documentos acreditativos do seu pagamento.

Aceptaranse como xustificantes as nóminas do persoal colaborador, nos que figuren claramente o nome e apelidos do receptor, o seu DNI e a cantidade percibida. Nestes casos deberán achegarse os contratos de traballo e os documentos acreditativos do pagamento dos custes que se imputen.

Non se admitirán pagos en metálico.

c) Certificación da titularidade de conta bancaria.

d) Certificados de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Facenda (AEAT, e Dirección Xeral de Tributos da Xunta de Galicia).

A xustificación será obxecto de informe e proposta da Concellaría de Economía e elevarase para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada, poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso a Xunta de Goberno Local ditará a oportuna resolución nos termos do artigo 42.1 da LRXPAC.

#### **13.º.-Pagamento.**

A concesión das axudas previstas nesta convocatoria estará suxeita á existencia de crédito de 25.000,00 Euros imputable aos orzamentos municipais do ano 2014 partida de Promoción Económica PROGRAMA SANTIAGO INVESTORS SUPPORT 070 43300 47901.

A axuda minorarase proporcionalmente se o importe xustificado fora inferior ao presuposto subvencionable nun importe non superior ao 10 por cento do mesmo e sempre que estea garantida a consecución do obxecto.

#### **14.º.-Recursos.**

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **15.º.-Reintegro.**

Procederá a revogación da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento.

#### **16.º.-Entrada en vigor e vixencia.**

As presentes bases entrarán en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

#### **17.º.-Normativa aplicable.**

En todo no disposto nas presentes bases resultará de aplicación a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e a Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

A presente axuda quedará suxeita ao réxime de axudas de minimis, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (200.000 euros nun período de tres anos) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE n.º L379/5, do 28 de decembro).

Asdo.: Reyes Leis Rodríguez

Concelleira Delegada de Economía, Comercio, Emprego, Turismo e Mercados do Concello de Santiago de Compostela

## ANEXO I

## DECLARACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

D. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_ e domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

## DECLARA:

Que a documentación enumerada a continuación xa obra en poder do Concello de Santiago e non sufriu ningún tipo de variación desde a súa presentación (indicar número de expediente e asunto para a súa localización):

1.

.....

E para que así conste, asino a presente en Santiago de Compostela, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013.

Asdo.: \_\_\_\_\_

**ANEXO II****MODELO-GUÍA PARA A ELABORACIÓN DA MEMORIA EXPLICATIVA**

A memoria deberá desenvolver, para cada unha das actividades que conforman o proxecto, os seguintes campos.

- Nome da actividade
  - Orzamento de gastos
  - Descrición da actividade (a información contida neste campo permitirá á comisión valorar o interese e rigor da actividade e a adecuación dos obxectivos) Debe polo tanto cando menos permitir valorar os seguintes aspectos:
    - Duración temporal da actividade. Ata 2 puntos. Outorgaranse 2 puntos a aquel evento de maior duración temporal e en proporción a este valoraranse o resto de proxectos.
    - Intensidade da campaña de comunicación e defusión de resultados do proxecto
  - Valorarase con 3 puntos cando a campaña de comunicación e defusión de resultados se realice a nivel internacional, 2 puntos se é a nivel nacional e 1 puntos se é a nivel local/ rexional.
  - Singularidade temática do evento
    - ◇ Valorarase no caso de xornadas, seminarios e encontros con 2 puntos que entre as temáticas abordadas no programa estén as seguintes:
      - \* Mellora da competitividade empresarial
      - \* Implantación das TICs na empresa
      - \* Pautas de consumo actuais, modelos de compra e venda na sociedade rede.
      - \* Habilidades directivas
      - \* Motivación para o emprendemento
      - \* Innovación e crecemento
      - \* Responsabilidade social e desenvolvemento sostible
    - ◇ Valorarase no caso de encontros empresarias a novidade das técnicas de fomento do networking empregadas con ata 2 puntos.
- As puntuacións dos apartados a. e b. son acumulables entre si.
- Uso da lingua galega no proxecto. Valorarase con ata 1 punto o uso do galego no desenvolvemento do proxecto.

## ANEXO III

## XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS

D. como representante legal de:

Entidade beneficiaria
CIB/NIF

## CERTIFICO:

1.º.-Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado na súa totalidade.

Actividade ou programa:
Convocatoria:
Datas de realización:
Presuposto subvencionado da actividade:
Importe da subvención concedida:

2.º.-Que os gastos xerados na actividade concreta do programa/s subvencionados son os seguintes:

N.º	CONCEPTO	IMPORTE	FECHA PAGO
IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA=			

Que se achegan as facturas ou documentos substitutivos correspondentes a estes gastos, así como a xustificación do seu pago.

3.º.-Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de €, co seguinte detalle:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
TOTAL=	

4.º.-Que os ingresos xerados pola realización da actividade subvencionada ascenden a un total de €, co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL=	



5.º.–Que os restantes gastos xerados pola actividade subvencionada foron financiados con cargo a

6.º.–Da liquidación de ingresos e gastos se deriva que respecto do programa ou actividade realizada, cúmprese o disposto no artigo 31.1 da LXS, o importe dos ingresos e subvencións concedidas non supera o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas todas as achegas á actividade subvencionada

O que asino en .... a data de ....

Sinatura

2014/3833